

D. CESÁR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de **Lalín (Pontevedra)**.

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 15 de setembro de 2025 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

30.- EXPEDIENTE 2434/2025. APROBACIÓN LISTADO COLABORADORES FESTAS DAS DORES (LIBRO).

Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Festas do Concello de Lalín**, na que expón que mediante Decreto da Alcaldía de 10 de xuño de 2025, iniciouse o expediente e aprobaronse as **“BASES COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2025.”** (Exp. 2434/2025).

O día 29 de agosto de 2025, constitúese a Comisión de Valoración para a avaliación das solicitudes presentadas en relación coas bases arriba referenciadas. Nesta comisión aprobouse, segundo a acta do mesmo día que figura no expediente, a listaxe das solicitudes admitidas correspondentes á MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA, que non se reproduce nesta proposta en aras da brevidade.

Por outra banda, na mesma sesión, a Comisión procedeu á apertura e valoración das solicitudes presentadas na MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Polo tanto, á vista do exposto, **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

Primeiro.- Aprobar a listaxe das solicitudes correspondentes á MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA.

Segundo.- Aprobar a listaxe das adxudicatarias na MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA en cada unha das seccións as seguintes empresas:



Secretaría Xeral

	DENOMINACIÓN COMERCIAL	OFERTA
LIBRO DAS FESTAS	1. Portada	MONTE FARO ELECTRICIDADE S.L.U. 1.000,00 €
	2. Contraportada	CASA CURRÁS 500,00 €
	3. Páxina final	GRUAS LALÍN DEZA 700,00 €
	4. Reverso da páxina final	O ASUBIO 500,00 €
	5. Páxinas adxuntas a programación diaria de festas.(Domingo).	DESERTO
	5. Páxinas adxuntas a programación diaria de festas.(Sábado).	EVENTOS VODEVIL SL 500,00 €
	5. Páxinas adxuntas a programación diaria de festas.(Martes).	AQUADEZA 500,00 €
	5. Páxinas adxuntas a programación diaria de festas.(Luns).	CENTRO COMERCIAL PONTIÑAS 500,00 €
CARTEL		MAXIDEZA SL 1.500,00 €
TRÍPTICOS DE MAN DAS FESTAS		ALUMINIOS MATO 750,00 €
		GRUMAVI 750,00 €

Terceiro.- Publicar este acordo na páxina web municipal (www.lalin.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín co obxecto de que as interesadas que obtiveron a adxudicación na **MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA** procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración empresarial e posterior abono do importe subvencionado, facultando ao Alcalde ou Concelleiro delegado, no seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

E para que conste e unir ó expediente da súa razón, expido a presente en Lalín de orde e co visto e praxe da Sra. 1ª Tenente de Alcalde.

O Secretario Xeral.
César López Arribas.

Visto e praxe, por Delegación da Alcaldía na 1ª
Tenente de Alcalde. María Paz Pérez Asorey.
(Decreto Alcaldía 23/07/2025. BOP nº 142 de 29/07/2025)

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

L

A

M

O

